

LICENZA SOCIAL e Hobby

Da inxuedanza da maioría das Federacións Autonómicas de Motociclismo adscritas a RFME xurde a iniciativa de tratar de achegar ao deporte do motociclismo a aquelas persoas afeccionadas que por algún motivo (económicos, por nivel de pilotaxe, etc.) non se deciden a iniciarse neste deporte participando nas competicións. Coa finalidade de permitir aos afeccionados introducirse no deporte de forma competitiva sen puntuar para os Ctos. Galegos, as federacións autonómicas están creando licenzas a prezos mais económicos que permitan participar nas probas, probas sociais e adestramentos autorizados polas respectivas federacións. Por este motivo a Federación Galega de Motociclismo crea a **licenza denominada SOCIAL para participar en probas que inclúan a categoría social (sen puntuar para campionatos galegos). Válida para adestramentos sempre que sexan comunicados na zona privada de federado con anterioridade.**

Esta Licenza poderá ser anual (para toda a tempada) ou para un só evento (adestramento ou proba social). Será concedida a quen a solicite e cumprimenten os trámites correspondentes (solicitud de licenza, fotocopia do DNI e do carné de conducir – obrigatorio para eventos de Enduro en vías abertas - ou certificado médico de aptitude física, xustificante de pago e os menores ademais autorización do pai, nai ou titores).

SOCIAL ANUAL: 180 € (dende a data de trámite ata 31 de decembro)

SOCIAL 1 Evento: 65 € (Adestramento ou proba social)

Para o trámite da licenza SOCIAL enviarase a solicitude a FGM, unha vez rexistrados os datos do solicitante na aplicación, na web poderá pagala licenza e a continuación a inscrición. Toda a documentación e o pago debe ser realizado antes das 24:00 horas do mércores anterior ao evento no que se inscribe.

A licenza SOCIAL non é válida para participar en probas, adestramentos ou eventos que non sexan organizados ou aprobados/autorizados pola Federación Galega de Motociclismo.

A licenza social non cubrirá en circuítos, zonas ou percorridos (montes) onde o mesmo fin de semana se dispute unha competición non federada.

Licenza HOBBY

Como novidade no 2019 crease a licenza Hobby. Esta licenza é válida para participar en probas de Trial e Enduro sen clasificar, sen toma de tempos, sen podio. Pensada para aqueles afeccionados que queren probar ou iniciarse na especialidade e comprobar o seu nivel. É unha licenza non competitiva, so da dereito a participar, sen aparecer en clasifcacións, sen tempos asignados por volta, sen ser cronometrados nas especiais, nen podios. Pode ser útil para aqueles clubs que queiran asegurar aos pilotos co seguro de accidente deportivo nas súas rutas, saídas, quedadas etc.

En trial crease a categoría HOBBY, os inscritos poderán facer os pasos de TR5 e TR4.

A licenza HOBBY non cubrirá en circuitos, zonas ou percorridos (montes) onde o mesmo fin de semana se dispute unha competición non federada.